

RESOLUCIÓN DE APERTURA DO PRAZO DE SOLICITUDES PARA O EMPREGO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL NA TEMPADA 2025-2026 (OUTUBRO A XUÑO)

O Concello de Barreiros dispón dun único pavillón polideportivo de titularidade municipal (27005A011001030001F) no que desenvolver todas aquelas actividades deportivas promovidas polo propio Concello así como polas entidades federativas e/ou asociativas e pola propia veciñanza barreirense.

Esta instalación atópase suxeita á Ordenanza reguladora da taxa pola utilización ou reserva de espazos públicos e inmobles de uso público no Concello de Barreiros, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 24 de novembro de 2014 e publicada no BOP de Lugo nº 22 de 28 de xaneiro de 2015. Esta normativa establece, entre outras disposicións, que “a realización de actividades de carácter non lucrativo ou as organizadas polo concello, sempre terán preferencia á hora de obter a autorización dun determinado espazo municipal”, asemade que “están obrigados ao pago da presente taxa as persoas e entidades con ánimo de lucro que soliciten a utilización das instalacións, espazos ou inmobles e quen as utilice de forma privativa ou con aproveitamento especial aínda sen teren obtido a preceptiva autorización”, e que “non están obrigadas ao pagamento de cantidade algunha as actividades ou actos de calquera índole, organizadas polo Concello de Barreiros ou por entidades e asociacións sen ánimo de lucro ou persoas físicas, sempre e cando as mesmas non busquen unha finalidade lucrativa, directa ou indirecta, ou expectativas de carácter económico. O concello poderá declarar de forma motivada, unha actividade, en principio lucrativa, como de interese xeral, polos valores ou a utilidade xeral que a mesma poda ter para os veciños/as do municipio.”

Neste contexto, considerando a existencia e necesidades dos distintos clubs, asociacións ou colectivos de carácter deportivo de Barreiros, ao obxecto de procurar o acceso de todas elas ás instalacións dispoñibles, así como de que toda a poboación de Barreiros teña acceso ás programación das entidades antes citadas, así como aos equipamentos e instalacións de carácter público; en virtude da autoridade que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Abrir un período para a presentación de solicitudes para o emprego e/ou reserva do pavillón polideportivo municipal durante a tempada 2025-2026 (do 1 de outubro de 2025 ao 30 de xuño de 2026), comprendido entre 2 e o 19 de setembro, ámbolos dous inclusive. Durante este prazo as entidades ou persoas interesadas deberán presentar nos rexistros municipais (presencial ou electrónico) a súa solicitude no modelo normalizado que se lles facilitará nas oficinas xerais e que tamén poderán obter no tabolaeiro da Sede Electrónica do Concello de Barreiros (<https://barreiros.sedelectronica.es/board>) no que se indicarán, ademais dos datos da entidade ou persoa solicitante, a actividade para a que se solicita, a preferencia de días e horario e o número de participantes.

SEGUNDO.- Determinar que unha vez recibidas todas estas solicitudes, polo Concello fixarase un calendario de uso da instalación establecendo a seguinte orde de prioridade:

- actividades organizadas ou promovidas polo propio concello, con preferencia daquelas que promovan o deporte de base
- actividades promovidas por clubs ou entidades barreirenses que desenvolvan actividade competitiva
- entidades asociativas barreirenses sen ánimo de lucro
- outros colectivos sen ánimo de lucro

No caso de quedar horas dispoñibles, poderá asignarse o seu uso puntual a colectivos sen ánimo lucrativo non constituídos formalmente.

TERCEIRO.- Non obstante ao establecido no anterior parágrafo, o Concello garantirá que todas aquelas entidades deportivas ou colectivos sen ánimo de lucro solicitantes, que teñan a súa sé social ou domicilio neste termo municipal, teñan dereito ao uso do pavillón durante a tempada 2025-2026, para o cal, unha vez elaborado o calendario de uso da instalación este será consensuado con todas as entidades solicitantes.

Sen prexuízo do anterior, o Concello reservarase o dereito a modificar o calendario ao longo da tempada en función do seu uso efectivo ou por outro tipo de razóns xustificadas, en cuxo caso, se poría novamente en coñecemento de todos os usuarios e usuarias.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe pola alcaldesa-presidenta do Concello de Barreiros, Ana Belén Ermida Igrexas, ante a secretaria-interventora, Begoña Teijeiro Campo.

